# ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO 31 DE MAIO DE 2021

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de **RIBEIRA,** sendo as vinte horas do luns **31 de maio de de 2021** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 26-05-2021, reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación os efectos de celebrar **Sesión de Pleno ordinario** baixo a modalide de "telemático" ***(coa presencia física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais e o Sr. alcalde-presidente***) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**Partido Popular (PP)**

1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente

2.-María José Sampedro Fernández

3.-Ramón José Doval Sampedro.

4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral

5.-Ana Isabel Barreiro Rego.

6.-Victor Reiriz Lampón

7.-Juana María Brión Santamaría

8.-Elvira Pereira Ageitos.

**Partido Barbanza Independiente (PBBI)**

1.-Vicente Mariño de Bricio

2.-María Herminia Pouso Maneiro

3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro

4.-Emilio Andrés González Regueira.

5.-Gerardo Pardavila Fernández.

6.-Asier Casais Álvarez

7.-Tania Redondo Fernández

**Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)**

1.-José Manuel Vilas Álvarez

2.-José Manuel Suárez Puerta Sirgado.

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021<br>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55 | DOCUMENTO: 20210693337<br>Fecha: 01/06/2021<br>Hora: 14:59 |
|---|---|---|

**Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)**

1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas

2.-Luis Antonio Pérez Barral

**Suma Ribeira (SR)**

1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor** do mesmo. **D. Pablo Bao Castro.**

***Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.***

Antes de comenzar o desenvolvemento da orde do día o **Sr. Vilas Álvarez, concelleiro voceiro do grupo municipal do Ps de G-Psoe**, toma a palabra para agradecer públicamente as inumerables mostras de apoio recibidas a través de múltiples medios por mor do recentemente pasamento do seu pai.

A continuación pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 28 DE ABRIL DE 2021**.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **28 de abril de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **28 de abril de 2021.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (**grupo m. P.P**.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-*Acta do* ***Pleno da sesión ordinaria*** *celebrada o* ***28 de abril de 2021.***

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

**2.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA 18 DE MAIO DE 2021**.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno extraordinario celebrado o **18 de maio de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF**), e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día **18 de maio de 2021.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (**grupo m. P.P**.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-*Acta do* ***Pleno da sesión extraordinaria*** *celebrada o* ***18 de maio de 2021.***

**3.-DAR CONTA DA RENUNCIA DA SRA. CONCELLEIRA DO GM DO PP DNA. ANA ISABEL RUIZ REIRIZ.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

***"VISTO*** *que neste Concello tivo entrada o escrito de data 27 de maio de 2021 (rex nº 18533 de 27 de maio de 2021) de* ***Dna ANA ISABEL RUIZ REIRIZ, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular (PP),*** *no que formalizase a renuncia voluntaria ao cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión o día 15 de xuño de 2019, tras as eleccións de 26 de maio de 2019. A renuncia ao cargo non será efectiva até o seu sometemento ao Pleno do Concello.*

***VISTO*** *o Informe de Secretaría de data 27 de maio de 2021 e de conformidade co disposto nos artigos 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral,*

*Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

***ACORDO***

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

***PRIMEIRO**. Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleira do Concello de Ribeira que realiza **Dna. ANA ISABEL RUIZ REIRIZ** **Concelleira do Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR (PP).***

***SEGUNDO**. Comunicar este Acordo á Xunta Electoral para que remita as credenciais do/a seguinte na lista dos que concorreron ás últimas elección municipais **D. JAVIER VENTURA SAMPEDRO AGEITOS** para que poida tomar posesión do seu cargo.*

*Enterados/as los/las sres/as concejales/as del contenido de la propuesta, finalizados los turnos de intervención, el Pleno de la Corporación acuerda por unanimidad de sus miembros aprobar la propuesta transcrita relativa a **DAR CUENTA DEL ESCRITO DE RENUNCIA DE LA CONCEJALA DEL GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR (PP) DNA. ANA ISABEL RUIZ REIRIZ**, quedando convertida en acuerdo en todos sus términos".*

**4.-APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, ESTUDIO DE DETALLE EN CORRUBEDO (PROMOTOR: QUEIMONA SL). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 20 de maio do seguinte tenor literal:

"**FINALIDADE DO ESTUDIO DE DETALLE**: A finalidade do presente estudio de detalle e a ordenación do fronte marítimo na rúa do Porto nº 21-53, Corrubedo, Riveira.

**INFORMES SECTORIAS EMITIDOS**: Informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, rexistrado de entrada no Concello o día 20 de decembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 18.076) / Informe favorable emitido pola directora xeral Sra. Ana Mariño Oñoro Valenciano do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Costas do Estado) o día 3 de abril de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 4 de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 4.715).

**DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE**: Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831) / Plano de aliñación da parcela nº 39 de corrubedo.

**PROMOTOR/A: QUEIMONA S.L**. (CIF B-36905941).

**VISTA** a documentación obrante no expediente presentada o día 23 de maio de 2019, (rexistro de entrada nº 7.171), consistente en Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. D. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831), así como o día 26 de xullo de 2019, (rexistro de entrada nº 10.689) que se presenta Documento Técnico en relación ao cumprimento de aliñación de abril de 2019, redactado asimesmo polo Sr. D. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831).

**VISTO** o Informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, rexistrado de entrada no Concello o día 20 de decembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 18.076).

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

**VISTO** o informe favorable emitido pola directora xeral Sra. Dna. Ana Mariño Oñoro Valenciano do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Costas do Estado) o día 3 de abril de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 4 de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 4.715).

**VISTO** o informe técnico favorable emitido o día 12 de agosto de 2019 polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente respecto á documentación obrante no expediente e a conseguinte aprobación inicial do estudio de detalle

**VISTO** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/10/2019 do seguinte tenor literal na súa parte dispositiva:

*"*

***CONSIDERACIÓNS LEGAIS***

***PRIMEIRA.****- O presente estudio de detalle ten por obxecto xustificar o cumprimento de todos e cada un dos requisitos establecidos na Disposición transitoria terceira 3.2ª da Lei de Costas, para a posibel autorización de edificacións en servidume de protección.*

*Polo anteriormente exposto, vista a documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 12 de agosto de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/10/2019,* ***a Xunta de Goberno Local****, por unanimidade dos presentes,* ***ACORDA:***

***PRIMEIRO.****- Aprobar inicialmente o estudio de detalle que afecta á rúa do Porto nº 21-53, Corrubedo, Riveira, nos termos do Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831).*

***SEGUNDO.****- Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG), e anunciarase, ademais, nun xornal de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

***TERCEIRO.****- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio afectados pola aprobación inicial do estudio de detalle.*

***CUARTO.****- Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

***QUINTO.****- Solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos aos efectos regulados na Lexislación sectorial".*

**VISTO** o acordo de aprobación inicial do Estudio de Detalle adoptado pola Xunta de Goberno Local en Sesión Ordinaria de data 31 de outubro de 2019 nos seguintes termos:

***"PRIMEIRO.****- Aprobar inicialmente o estudio de detalle que afecta á rúa do Porto nº 21-53, Corrubedo, Riveira, nos termos do Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831).*

***SEGUNDO.****- Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG), e anunciarase, ademais, nun xornal de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

***TERCEIRO.***- *Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio afectados pola aprobación inicial do estudio de detalle.*

***CUARTO.***- *Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

***QUINTO.***- *Solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos aos efectos regulados na Lexislación sectorial".*

**ACREDITADA** a publicación do acordo de aprobación inicial do Estudo de Detalle no diario La Voz de Galicia de data nº 11 de decembro de 2019 e no DOG nº 247 de data 30 de decembro de 2019 coa fin de durante o prazo dun mes aos efectos do seu exame e presentación de alegacións.

**ACREDITADAS** as notificacións practicadas durante período de exposición pública, aos titulares catastrais dos terreos afectados, e comprendidos entre os números 21 e 53 da rúa do Porto, ambos inclusive.

**VISTAS** as alegacións presentadas con data 30 de xaneiro de 2020, rex de entrada nº 1300 por D. Antón Carreño Costa, DNI nº 41882317-F, e que son do seguinte tenor literal:

*Consideraciones:*

*"Primera:- El que suscribe es propietario de la edificación señalada con el nº 21 de Rúa do Porto Corrubedo, afectada por el Estudio de Detalle frente al que se alzan las presentes alegaciones. Dicha edificación fue objeto de reforma y ampliación al amparo de la licencia de obra nº 338/2005 otorgada por la Junta de Gobierno Local de 4 de agosto de 2005 Dicha licencia se ajusta al Estudio de Detalle aprobado por ese Ayuntamiento el 28 de marzo de 2005 para reforma y ampliación del inmueble sito en Rúa do Porto, Corrubedo y previa autorización del Organismo Titular de Costas de fecha 24 de Junio de 2005.*

*A los efectos de prueba, en adjunto, acompaño copia de la licencia nº 338/2005 otorgada por la Junta de Gobierno Local de 4 de agosto de 2005 y copia de la resolución de la Delegación territorial de la Consellería de Pesca, de 24 de Junio de 2005, solicitando expresamente se incorporen al expediente las copias compulsadas de dicha licencia y resolución, así como del Estudio de Detalle, aprobado por ese Ayuntamiento el 28 de marzo de 2005 para reforma y ampliación del inmueble sito en Rúa do Porto, Corrubedo (Ribeira)*

*Segunda:- La edificación señalada con el número 21 de Rúa do Porto Corrubedo (Ribeira) se ajusta pues al Estudio de Detalle específicamente aprobado en fecha 28 de marzo de 2005, es decir con posterioridad no sólo a la aprobación definitiva del PXOM, sino también con la autorización previa del organismo de Costas.*

*Tercera:-Entendemos que el Estudio de Detalle que ahora acaba de ser aprobado inicialmente por ese Ayuntamiento, modifica sustancialmente las condiciones urbanísticas de la vivienda del dicente afectando de modo muy notorio a sus alzados en tanto que se reducen en altura así como las rasantes, desplazando a dicha vivienda a la situación contemplada en el apartado 2 del artículo 90 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, no obstante haber sido reformada y ampliada tras la tramitación del correspondiente Estudio de Detalle con posterioridad a la aprobación definitiva del PXOM y disponiendo de los correspondientes informes sectoriales favorables.*

*No concurren razonas objetivas para la modificación de aquél Estudio de Detalle aprobado el 28 de marzo de 2005, cuando menos en la parte correspondiente a la vivienda nº 21 de Rúa do Porto, Corrubedo (Ribeira); no se han puesto de manifiesto, desde la aprobación de dicho Estudio de Detalle circunstancias especiales o extraordinarias que justifiquen la modificación del mismo y ,por ello, el que aquí se impugna no responde a los requisitos contemplados en el artículo 83 de la citada Ley.*

*En su virtud,*

*Solicito a V.S. que por presentado este escrito, con los documentos que lo acompañan, tenga por efectuadas las anteriores alegaciones y, en definitiva, dictar resolución rechazando definitivamente la aprobación del Estudio de Detalle aprobado inicialmente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el 31 de octubre de 2019 y acordar el archivo del expediente.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*Ribeira, a 29 de enero de 2019.*

*OTROSÍ DIGO: Que interesa al derecho del que suscribe se incorpore al expediente el Estudio de Detalle aprobado por ese Ayuntamiento el 28 de marzo de 2005 para reforma y ampliación del inmueble sito en Rúa do Porto Corrubedo (Ribeira).*

*Solicito, nuevamente se acuerde, así"*

**VISTO** o informe xurídico con proposta de resolución emitido con data 13 maiode 2021 polo Secretario Xeral da Corporación e no que se expoñen as seguintes consideracións xurídicas:

*"**Primeira**:-Sen prexuízo das argumentacións que se expoñerán, cumpre dicir que ó meu xuizo do Estudio de Detalle ó que se refire o presente informe xa ésta definitivamente aprobado todo vez que o prazo para a aprobación definitiva polo concello é de **seis meses**, a contar **desde a aprobación inicial**. Transcorrido este prazo sen que se procedeu á notificación da resolución, **poderá entenderse aprobado definitivamente** o plan, sempre que se realizou o trámite de información pública e obtivéronse os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, sexan solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos **(artigo 76.2 da Ley 2/2016, do Solo de Galicia)**.*

*Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos contivesen determinacións contrarias á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, os plans de superior xerarquía ou os instrumentos de ordenación do territorio ou ao seu regulamento.*

*O expediente contén con todos os informes favorables exisidos pola lexislación de vixente.*

***Segunda:-** En canto ás **alegacións** presentadas durante o trámite de información pública por D. Antón Carreño Costa procédese a contestar nos seguintes termos:*

***1º).**- En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:*

***a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes**. Os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender os seguintes contidos:*

*a.1) Establecemento das aliñacións e rasantes, cando non estean fixadas no plan ao que completen, respecto dos viarios que naquel contémplense.*

*[A posibilidade de establecer aliñacións e rasantes a través de estudos de detalle limitar ás vías da rede de comunicacións definidas no plan que aquel complementa].*

*a.2) A adaptación ou reaxuste á realidade do terreo ou do viario, das aliñacións e rasantes xa fixadas polo plan. Esta determinación de ningún xeito poderá supor una alteración de devandito plan, nin permitir a redución da anchura do espazo destinado a viarios ou das superficies destinadas a espazos libres, nin orixinar aumento de volume ao aplicar as normas ou ordenanzas ao resultado da adaptación ou reaxuste realizada.*

***b) Ordenar os volumes edificables**. Os estudos de detalle que teñan como finalidade a ordenación de volumes poderán comprender os seguintes contidos:*

*b.1) A asignación concreta ás parcelas dos volumes edificables, cando tal previsión non se conteña no plan.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*b.2) A reordenación dos volumes de acordo coas especificacións do plan.*

***c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan**. Os estudos de detalle que teñan por finalidade a concreción das condicións estéticas e de composición das edificacións poderán referirse, de conformidade co plan que resulte de aplicación, aos seguintes contidos:*

*c.1) Condicións de integración das edificacións na súa contorna.*

*c.2) Condicións de intervención nos inmobles do patrimonio, ou nas edificacións obxecto de protección urbanística e na súa contorna. Neste caso, o estudo de detalle someterase a informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de patrimonio cultural, de acordo coa normativa de aplicación en devandita materia, antes da súa aprobación definitiva.*

*Os estudos de detalle **non poderán** nalgún caso:*

*a) Alterar o destino urbanístico do solo.*

*b) Incrementar o aproveitamento urbanístico*

*c) Reducir as superficies destinadas a viarias, espazos libres ou dotacións públicas. A estes efectos, entenderase por dotacións públicas, ademais dos viarios e dos espazos libres, os equipamentos públicos e as infraestruturas.*

*d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*

*e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*

*f) Parcelar o solo.*

*g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*

*h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

*O **artigo 193 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro** dispón que os estudos de detalle conterán, ademais dos documentos xustificativos do extremos sobre os que versen, como mínimo, os documentos seguintes:*

*— Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

*[Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no artigo 192.2 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro].*

*— Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*

*— Planos de ordenación axeitada, como mínimo 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

*— Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

*[A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente].*

*O prazo para a aprobación definitiva polo concello do estudo de detalle, tal como xa se adianto, será de **seis meses**, a contar **desde a aprobación inicial**. Transcorrido este prazo sen que se procedeu á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o estudo de detalle, sempre que se realizou o trámite de información pública e obtivéronse os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, sexan solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos.*

*Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos contivesen determinacións contrarias á lei, os plans de superior xerarquía ou os instrumentos de ordenación do territorio.*

*Durante todo o proceso de aprobación do estudo de detalle, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.*

***2)** Os plans e instrumentos urbanísticos teñen vixencia indefinida, co que, una vez aprobados e publicados, manténense en vigor **ata que non sexan modificados, revisados ou substituídos por outros**; iso a salvo de que aqueles indiquen outra cousa ou sinalen un límite de vixencia.*

*Nada impide que aprobado un Estudio de Detalle poda a Administración Municipal aprobar outro para solucionar os problemas que xurdan. O contrario nos levaría ó absurdo de considerar que nunca se poderían modificar o substituir os instrumentos de planeamento.*

*No presente suposto o estudio de detalle entra dentro dos supostos establecidos no artigo 79 da lei 2/2016, do Solo de Galicia, toda vez que se trata de ordenar volúmenes edificables dentro da zona de afección de Costas.*

*En virtude do establecido pola D.T. 3ª d lei Estatal de Costas, preténdese homoxeneizar a fronte marítima , polo que se erixe unha edificación de uso residencial-vivenda sobre unha parcela sita no borde do quinteiro(s) obxecto de estudio e na que a día de hoxe se erixe unha edificación de carácter auxiliar.*

*É máis, o Estudo de Detalle recolle o requerido con data de 16.04.2018 polo Servizo de Demarcación de Costas do Estado en Galicia a través de informe ao respecto, no senso de que o Estudo de Detalle **debe de abarcar as dúas mazáns que limitan co dominio público marítimo-terrestre, motivo polo que o novo Estudo de Detalle abarca as dúas mazáns mencionadas e recollendo o tramo urbano da rúa do Porto 21-53**.*

***3)** Consecuencia co anteriormente exposto o expediente obxecto do presente informe conta ademáis con todos os informes sectorais precetivos:*

*a).- Con data de 20.12..2018 a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite informe favorable ao estudio de detalle de referencia.*

*b) Con data de 01.04.2019 a Directora Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar (Ministerio para a Transición Ecolóxica/ Costas do Estado), emite informe e onde se fan unha serie de consideracións, que deben de recollerse na nova documentación técnica a presentar no Concello, tal e como se advirte na nota adxunta á solicitude de data de 23 de maio de 2019, e asinada polo arquitecto autor do E. de Detalle.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021<br>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55 | DOCUMENTO: 20210693337<br>Fecha: 01/06/2021<br>Hora: 14:59 |
|---|---|---|

*c) Con data 12 de agosto de 2019 emítese informe técnico favorable polo Arquitecto Municipal do Concello de Ribeira D.Alberto Iglesias Fungueiriño.*

*d) Con data 29 de outubro de 2019 emítse informe xurídico con proposta de resolución favorable polo Técnico de Administración Xeral adscirto ao departamento de Urbanismo D.José Martínez de Llano Orosa.*

**CONSIDERANDO** os artigos 79, 80 e 82 a 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, artigos 192 a 194 e 199 a 215 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, artigos 21.1.j), 22.2.c) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por medio da presente proponse á Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, se emita ditame favorable sobre o seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Desestimar as seguintes alegacións polos motivos expresados nas consideracións xurídicas do informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación en data 13 de maio de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do Acordo que de adopte:

| **Rexistro de Entrada** | **NIF** | **Nome** |
|---|---|---|
| 1300 | 41882317-F | ANTÓN CARREÑO COSTA |

**SEGUNDO:-** Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle descrito nos antecedentes e promovido pola entidade **QUEIMONA SL.**

**TERCEIRO:.** Publicar o Acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do estudo de detalle no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.*

**CUARTO:-.** Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

**QUINTO:-.** Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do estudo de detalle, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

**SEXTO:-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

Ribeira, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 15** **(8 PP, 7 PBBI)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 5** **(2 PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021 sobre **APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, ESTUDIO DE DETALLE EN CORRUBEDO (PROMOTOR: QUEIMONA SL)**, en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.** Desestimar as seguintes alegacións polos motivos expresados nas consideracións xurídicas do informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación en data 13 de maio de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do Acordo que de adopte:

| Rexistro de Entrada | NIF | Nome |
|---|---|---|
| 1300 | 41882317-F | ANTÓN CARREÑO COSTA |

**SEGUNDO:-** Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle descrito nos antecedentes e promovido pola entidade **QUEIMONA SL.**

**TERCEIRO:.** Publicar o Acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do estudo de detalle no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

**CUARTO:-.** Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

**QUINTO:-.** Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do estudo de detalle, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

**SEXTO:-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

## 5.-APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL B.1.14, PREVIA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de maio do seguinte tenor literal:

*“**CONSIDERANDO** que na sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2021 polo Pleno da Corporación aprobouse provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de saneamento e depuración, previo Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas.*

***CONSIDERANDO** que durante o prazo de exposición ao público no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 63, de data 7 de abril de 2021 do devandito acordo, presentouse a seguinte alegación:*

> *-Data 10/05/2021 (R.E. nº 2021-00007414) Portos de Galicia, solicita que a nova Ordenanza fiscal B.1.14 sexa aplicada dende o 5 de febreiro de 2020, isto é, con carácter retroactivo, unha vez fose aprobada a súa modificación.*

***CONSIDERANDO** que respecto diso das alegacións, informouse con data 13 de maio o seguinte pola Tesoureria Municipal:*

*Con respecto á aplicación con carácter retroactivo da Ordenanza, o artigo 9.3 da Constitución española prohibe a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, pero non é posible a aplicación analóxica deste artigo da Constitución, porque, se ben é certo que establece a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais (o que podería facer pensar na retroactividade das normas favorables), só podería darse cos requisitos do artigo 2.3: as leis, e dicir, so as normas de dito rango, son as únicas que poden prever a retroactividade dos seus efectos.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*Neste sentido pronunciouse o Tribunal Supremo, na súa sentencia de 16 de xullo de 1993 na que afirma que "...Por outra parte, a natureza xurídica da ordenanza, non é senón a propia dun acto normativo, e a estes actos normativos ou regulamentarios, non lle son aplicables as posibilidade de retroactividade que establece o artigo 45.3 da lei de procedemento administrativo que so se refire aos actos administrativos estricto sensu, e así esta Sala estableceu que se ben a retroactividade pode ser establecida por unha Lei, é máis dubidoso que poida facelo un regulamento, o que obriga a concluír que a retroactividade queda excluída da potestade regulamentaria da Administración...Tampouco cabe a aplicación analóxica do artigo 9 da Constitución, pois se ben é certo que este precepto establece a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, o que fai pensar na retroactividade das normas favorables, iso é cos requisitos do artigo 2.3 do Código Civil..."*

*INFORME:*

*Analizados os antecedentes expostos, informase que procede desestimar a alegación presentada por Portos de Galicia, porque salvo que expresamente o autorice unha lei, non cabe a aplicación retroactiva das Ordenanzas Fiscais na medida en que constitúen meros regulamentos."*

*Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe-proposta de Secretaría de data 14 de maio de 2021, proponse á Comisión Informativa que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita dictame favorable sobre o seguinte*

***ACORDO***

***PRIMEIRO**. Desestimar as alegacións presentadas pola entidade Portos de Galicia polos motivos esgrimidos no informe da Tesourería Municipal de data 13 de maio de 2021 e a Secretaría Xeral de data 14 de maio de 2021.*

***SEGUNDO**. Aprobar con carácter definitivo, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a modificación da ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de saneamento e depuración*

***TERCEIRO**. Publicar devandito Acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.*

*12.- Que se promova a adquisición de libros para a biblioteca municipal adaptados a todo tipo de lectores (autistas, en braille ...)*

*13.- Que se facilite a comunicación entre a cidadanía e as administracións dotando aos distintos departamentos municipais de formularios adaptados a todo tipo de lectores (autistas, en braille*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

*...), e que tamén se dote ao concello dun servizo de linguaxe de signos desenvolvendo, entre outras funcións, a información dos plenos, favorecendo así a integración de persoas con problemas de audición. Para optimizar os custes deste servizo estudiarase a súa comarcalización en colaboración con outras administracións tanto municipais como supramunicipais.*

*14.- Que o Concello planifique a súa actuación para avanzar progresiva e continuadamente na superación do cumprimento, máis aló do legalmente establecido, das prazas de emprego reservadas a este colectivo, apostando tamén pola inclusión laboral de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Desenvolver e colaborar en campañas de concienciación sobre a necesidade de que o grupo de persoas con discapacidade se integre no mundo laboral.*

*15.- Que nos presupostos anuais se inclúa un capítulo que faga mención exclusiva e explícita á cantidade e porcentaxe do investimento en infraestruturas que será dedicado á diminución das barreiras á accesibilidade existentes. Todas as obras novas deberán, máis aló do cumprimento da legalidade, procurar acadar os maiores estándares nesta materia.*

*16.- Que no Informe de Intervención Anual da Conta Xeral se faga mención explícita do presuposto executado na diminución de barreiras á accesibilidade nas infraestruturas existentes ao comezo de cada exercicio"*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*Punto único.- Que por parte da Corporación Municipal de Ribeira se adoiten as medidas encamiñadas a acelerar a implantación do Plan de Accesibilidade Universal de Ribeira 2016-2026 e, de ser o caso, se proceda a actualización do mesmo.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira, así como da emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda do GM**, en cumprimento co disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 10** (**8 PP, 2 Ps de G-Psoe**)

**-VOTOS EN CONTRA: 10** (**7 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira**)

**-ABSTENCIÓNS: 0**

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

Ao producirse un empate, en cumprimento do disposto no art 100.2 do ROF, sométese de novo a votación a emenda do PP, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 10 (8 PP, 2 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 10 (7 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que, ao persistir o empate e **decidir o voto de calidade da Alcaldía** (art. 41.4 ROF) o Pleno da Corporación acorda **aprobala emenda de substitución do GM do PP** sobre proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de abril de 2021 sobre **FOMENTO DE ACCESIBILIDADE ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADES**, en consecuencia aproba:

*Punto único.- Que por parte da Corporación Municipal de Ribeira se adoiten as medidas encamiñadas a acelerar a implantación do Plan de Accesibilidade Universal de Ribeira 2016-2026 e, de ser o caso, se proceda a actualización do mesmo.*

**13.- PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D.JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE POSTA EN VALOR DE PETROGLIFO DA "PEDRA DE SANTIAGUIÑO".**

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economomía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de abril de 2021 sobre proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** segundo o escrito do concelleiro **D José Manuel Vilas Álvarez** de data 13 de abril de 2021 (rex entr. 13-04-2021, nº 5592), do seguinte tenor literal:

***"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*No lugar do Cantón, en Corrubedo, atopamos una pedra moi singular, única, a "Pedra de Santiaguiño". Dito Outeiro ten na súa base, unha significativa inscripción, un petroglifo formado por una Serpe, una Pegada, e unha Espada.*

*Trala comprobación ocular, queda patente a desidia do equipo de goberno local a hora de conservar dito petroglifo, máxime cando xa fora revelada a súa existencia polo PSdeG-PSOE, durante as obras de pavimentación do camiño a depuradora de Corrubedo, e correra serio risco de desaparición.*

*Debido ao incumplimento da normativa por parte da Xunta (Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español, ben de interés cultural a lugares que conteñan manifestacions de arte rupestre) e de moitos concellos (Ley 5/2016 del Patrimonio Cultural), atopámonos conque*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

*unha parte considerable dos nosos grabados rupestres corren un risco grave, non só de deterioro, sinon de desaparición, como ben sinala a asociación galega SOS de Arte Rupestre.*

*"Os galegos mantemos unha relación paradóxica cos nosos petroglifos. Ninguén nos negará que sentimos como algo noso os deseños que cobren miles de rochas dos nosos montes. Pero igual de certo é que existe un certo descoñece- mento, incluso algo de desinterese cara un patrimonio que ben podería por beleza e importancia ter sido recoñecido pola Unesco."*

*Dende o partido socialista considerábamos que dito lugar tería unha relevancia destacada no novo itinerario do Camiño de Santiago "A Orixe", pero observamos como dende o Departamento de Cultura e Patrimonio, se fai caso omiso a este enclave principal a hora de poñer en excelencia puntos de interés da xeografía donoso Concello, neste caso de Arte Rupestre.*

*O nome deste Camiño a Santiago, "A Orixe", fundaméntase no relato da chegada do Apóstol a Galicia dende Terra Santa. O trazado de mais de 120 km comenza no Faro de Corrubedo e remata na Praza do Obradoiro, aos pés da Catedral de Santiago.*

*A "Asociación Amigos del Camino de Santiago del Barbanza y Sar. El Origen" levóu a cabo durante anos a labor de investigación e posta en valor para recuperar este Camiño de Santiago que antiguamente discurría polo Barbanza.*

*Evidentemente, o trazado de dito itinerario do camiño "A Orixe", foi feito sin contar coas posibles aportacións do grupo municipal socialista, e ignorando a posible participación de historiadores, e persoas vinculadas ou con inquedanzas na arqueoloxía, no patrimonio, ou no turismo da localidade e da comarca.*

*Basándonos na zona na que aparece o petroglifo (moi arraigado no sentir popular da parroquia de Corrubedo), indica que podía servir "como algún tipo de recurso de adxudicación da paisaxe, como a entrada en Galicia do apóstolo Santiago".*

*Segundo esta teoría, as inscripcións na pedra marcaban un territorio que necesitaba ser controlado, cunha especie de "advertencias" que serían entendibles tanto para o propio grupo privativo como para os posibles visitantes/adversarios; as posibles interpretacións poden ser tan variadas como as propias figuras, cun- ha especulación razonada que nos permite rozar á compresión dun mundo in- creíblemente complexo.*

*Nin que dicir ten, que resulta obvio que dita inscultura "Pedra de Santiaguiño" debe figurar en dito recorrido do Camiño de Santiago, ben como punto de partida, ou ben como sitio de paso recomendado.*

*A inscripción no rochedo "Pedra de Santiaguiño", está mal conservada, sin uns elementos de protección axeitados, coma un valado, ou uns pivotes de pedra; dándose a ocurrencia de chegar a aparcar vehículos encima desta iconografía Os grabados, como pode observarse no lugar, e na foto que achego, responden a tres petroglifos característicos da Arte Rupestre Galega:*

*1.- Os septiformes soen ser de variados aspectos, ea súa interpretación, coma noutros tipos é moi imprecisa. Neste caso concreto describese una serpe de pequeno tamaño.*

*2.- Ao lado da serpe, temos unha pisada (cazoleta), que se define popularmente coma a pegada do cabalo do Apóstolo Santiago, da cal ven o nome do penedo (Pedra do Santiaguiño); a xeito de pisar e matar a serpe.*

*3.- A Espada está relacionada co enxoval do home da era da metalurxia (en Galicia hai dúas ou tres semellantes a este modelo de Corrubedo).*

*A catalogación do conxunto da a certa confusión, pero aparece nomeado en varios estudios sobre a materia. Tamén hai duvidas cronolóxicas sobre a súa antiguedade, pero o que semella incuestionable é a súa autenticidade.*

*Tamén debemos ter en consideración, que:*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

a. *A cultura e mitoloxía das pedras naturais e gravadas en Galicia, é cuestión de primeira orde.*
b. *Elementos patrimoniais senlleiros que sustentan a promoción turística, con programas axeitados de coidado e protección.*
c. *Os gravados pétreos son marcas que amosan a intensa actividade humana na rexión, dende o megalitísmo.*
d. *Tipoloxías netamente galegas como os serpentiformes, e as cazoletas, son elementos de complexas pescudas internacionais.*
e. *A Pedra de Santiaguiño, xungue, ademáis desas referencias, o seu aprezo na tradición popular da parroquia.*

*En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:*

*1.- Que por parte do departamento de cultura, servizos técnicos e turísticos do Concello se proceda a realizar un estudio pormenorizado, para a posta en valor do petroglifo da "Pedra de Santiaguiño", xa que a zona donde se asentan os petroglifos "demandan traballos de limpeza e mantemento para asegurar a sua conservación".*

*2.- Que se teña a ben incluir, ou recomendar, o lugar da "Pedra do Santiaguiño", no itinerario do Camiño de Santiago "A Orixe", da Mancomunidade Arousa Norte.*

*3.- Que se proceda a súa sinalización, e protección con elementos axeitados ao lugar e ao elemento a destacar, coa finalidade na recuperación do conxunto histórico e patrimonial do lugar, así como a súa inclusión no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, e no PXOM municipal."*



*Foto de detalle do Petroglifo "Pedra de Santiaguiño". O Cantón. Corrubedo.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9







*Fotos de detalle da "Pedra de Santiaguiño", e panorámica xeral da paraxe.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021<br>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55 | DOCUMENTO: 20210693337<br>Fecha: 01/06/2021<br>Hora: 14:59 |
|---|---|---|

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Ps de G-Psoe**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA:**

**-ABSTENCIÓNS:**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM Ps de G- Psoe**, relativa a **POSTA EN VALOR DE PETROGLIFO DA "PEDRA DE SANTIAGUIÑO"**, en consecuencia aproba:

***Primeiro***:*-Que por parte do departamento de cultura, servizos técnicos e turísticos do Concello se proceda a realizar un estudio pormenorizado, para a posta en valor do petroglifo da "Pedra de Santiaguiño", xa que a zona donde se asentan os petroglifos "demandan traballos de limpeza e mantemento para asegurar a sua conservación".*

***Segundo:-****Que se teña a ben incluir, ou recomendar, o lugar da "Pedra do Santiaguiño", no itinerario do Camiño de Santiago "A Orixe", da Mancomunidade Arousa Norte.*

***Terceiro:-****Que se proceda a súa sinalización, e protección con elementos axeitados ao lugar e ao elemento a destacar, coa finalidade na recuperación do conxunto histórico e patrimonial do lugar, así como a súa inclusión no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, e no PXOM municipal."*

**14.-PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ EN DEFENSA DA CONTINUIDADE EN GALICIA DAS OPERACIÓNS DE NATURGY DA CORUÑA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposición do **GM do PP** segundo o escrito da concelleira **Dna María José Sampedro Fernández** de data 14 de abril de 2021 (rex entr. 12-04-2021, nº 7360), ditaminada pola Comisión

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de abril de 2021, do seguinte tenor literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Dende o Grupo Popular da Corporación Municipal de Ribeira queremos manifestar o noso apoio aos traballadores e traballadoras do centro de operacións de Naturgy na Coruña ante o intento de deslocalizalo e trasladado a Madrid, así como reivindicar as xestións da Xunta de Galicia encamiñadas ao mantemento na nosa comunidade destes 28 postos de traballo.*

*Neste senso, cónstanos de que dende o primeiro momento a Xunta de Galicia expresou o seu desacordo ante as intencións da empresa reubicar o servizo fóra da nosa autonomía e así o ten manifestado nas reunións mantidas o 11 de febreiro, 25 de febreiro, 16 de marzo e 5 de abril, sempre poñéndose do lado dos traballadores e traballadoras. O Goberno Autonómico ten solicitado un marco de diálogo entre as dúas partes para valorar as diferentes propostas e co ánimo de chegar a unha posición de consenso que asegure a conservación destes case trinta empregos na nosa terra.*

*Non podo finalizar esta exposición de motivos sen face fincapé como grupo municipal na esixencia de que a empresa Naturgy cumpra coas súas obrigas dentro do servizo de mercado eléctrico e, moi particularmente, co artigo 40 da Lei 24/2013 do Sector Eléctrico no que se recollen os dereitos e obrigas das empresas distribuidoras.*

*Polo tanto, en base ao exposto, o Grupo Popular do Concello de Ribeira solicita:*

*ÚNICO- Instar á Xunta de Galicia a que continúe realizando un seguimento do proceso aberto por Naturgy no centro de operación e redes da Coruña (COR) para que se evite o traslado deste centro fóra da nosa Comunidade Autónoma e se garanta en todo caso a continuidade dos seus postos de traballo en Galicia."*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de abril de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20** **(8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA:**

**-ABSTENCIÓNS:**

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **PP,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de abril de 2021 sobre **DEFENSA DA CONTINUIDADE EN GALICIA DAS OPERACIÓNS DE NATURGY DA CORUÑA**, en consecuencia aproba:

***ÚNICO***- *Instar á Xunta de Galicia a que continúe realizando un seguimento do proceso aberto por Naturgy no centro de operación e redes da Coruña (COR) para que se evite o traslado deste centro fóra da nosa Comunidade Autónoma e se garanta en todo caso a continuidade dos seus postos de traballo en Galicia."*

## 15.- PROPOSICIÓN DO GM BNG PRESENTADA POR D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE DECLARAR BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC) A FÁBRICA DE CERQUEIRAS.

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria ,Comercio, Pesca e Turismo de data 25 de maio de 2021 sobre proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito dos concelleiros **D Luis Antonio Pérez Barral** e **D. Xosé Antonio Pérez Barral** de data 3 de maio de 2021 (rex entr. 13-04-2021, nº 6973), do seguinte tenor literal:

***"Luís Antonio Pérez Barral e Xosé Antonio Pérez Barral, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego (BNG)*** *no Concello de Ribeira presentan a seguinte* ***proposición*** *ante o Pleno da Corporación Municipal e dirixida ao alcalde para* ***declarar Ben de Interese Cultural (BIC) a fábrica de Cerqueiras.***

***Exposición de Motivos***

*A actual fábrica de Cerqueiras esta situada no número 31 da Rúa Manzanares, no barrio de Banda ó Río, o núcleo orixinario da vila. Dito barrio sempre estivo vencellado cara ao mar e a día de hoxe aínda conserva parte da súa estrutura orixinal mariñeira, berce das primeiras salgaduras e fábricas de Ribeira.*

*Na actualidade a fábrica de Cerqueiras segue en plena actividade. Está catalogada coa tipoloxía de edificación illada, ben conservada e presenta un importante interese arquitectónico. Segundo consta na ficha municipal do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), a súa arquitectura interior é a base de estrutura de madeira de grande calidade.*

*Do soar que agora ocupa a conserveira Cerqueiras, temos xa noticia no ano 1892 da construción da fabrica mais tal e como di Xoán Carmona Badía, profesor na Universidade de Santiago de Compostela (USC) no seu libro, "Las Familias de la Conserva", ao falar dos Cerqueiras: "la fabrica*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*de Ribeira, que es con la de Vigo la única que ha seguido de forma estable hasta el día de hoy gestionada por la empresa, la compraron al conservero arosano Adelino Guillán de Dios en el año 1945 y pasó a dedicarse a la fabricación de mejillón y otros moluscos. Los Cerqueiras canalizaron hacia ella sus principales inversiones durante la segunda mitad de los cuarenta, de forma que en 1950 el valor de su maquinaria e instalaciones superaba al de su matriz viguesa".*

*Na parroquia de Santa Uxia de Ribeira, por desgraza, non conservamos demasiadas mostras do noso pasado ligado ao mar nin da arquitectura popular. Unha importante cantidade de edificacións tradicionais foron derrubadas para construír outro tipo de edificacións. Podemos destacar a perda arquitectónica e patrimonial do secadeiro de Colomer ou da antiga casa consistorial de comezos do século XX obxecto dalgunha reforma coa ampliación feita nos anos corenta e derrubada nos anos setenta. Outras edificacións que xa non se conservan e que destacan polo seu uso industrial ou comercial son edificios o dos talleres Nervión, o cine Rosalia de Castro e moitos outros establecementos comerciais e vivendas particulares tradicionais que poderiamos mencionar.*

*Malia que xa non podemos recuperar o que se perdeu, si temos na nosa man a posibilidade de conservar e manter o que aínda segue en pé, contribuíndo a manter viva a identidade orixinaria da nosa vila. Hoxe, no bordo do parque de Pedra Pateira, seguen as instalacións da conserveira Cerqueira que manteñen a estrutura orixinaria, ao pé do mar. Mantén a súa característica cheminea de ladrillo e a edificación anexa de pedra tal e como foi construída. Toda a instalación conserva o valor da arquitectura propia das conserveiras galegas e lembra a tradición mariñeira e conserveira de Ribeira.*

*Con esta proposta, desde o Bloque Nacionalista Galego, queremos contribuír a manter a identidade única dunha fábrica situada no corazón da vila, garantindo a preservación da súa arquitectura singular e, ao mesmo tempo, permitindo que a súa actividade de transformación dos produtos do mar e de xeración de emprego sigan adiante.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita a adopción do seguinte **ACORDO:***

- ***Instar á Xunta de Galiza a declarar Ben de Interese Cultural (BIC) a Fábrica de Cerqueiras baixo o amparo da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza e calquera outra lexislación que resulte de interese para realizar esta declaración.***

***Ribeira, abril de 2021.***

| | |
|---|---|
| ***Luís Antonio Pérez Barral*** | ***Xosé Antonio Vázquez Cobas*** |
| *Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.* | *Voceiro do Bloque Nacionalista Galego"* |

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*-Que respecto da finca de Cerqueiras, edificio ao que o Plan Xeral de Ordenación Urbanística cataloga como grao 1 de máxima protección, sexa concretado o seu nivel de protección integral, estrutural e ambiental para a súa inclusión no Catálogo Cultural de Galicia e no Catálogo de Planeamento Urbanístico.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG** así como da **emenda de substitución do GM do PP**; rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda do GM do PP, en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 15 (8 PP, 7 PBBI)**

**-VOTOS EN CONTRA: 5 (2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobala emenda de substitucíon do GM do PP** sobre proposición do **GM** do **BNG,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria ,Comercio, Pesca e Turismo de data 25 de maio de 2021 relativa a **DECLARAR BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC) A FÁBRICA DE CERQUEIRAS.** , en consecuencia aproba:

***ÚNICO***:*-Que respecto da finca de Cerqueiras, edificio ao que o Plan Xeral de Ordenación Urbanística cataloga como grao 1 de máxima protección, sexa concretado o seu nivel de protección integral, estrutural e ambiental para a súa inclusión no Catálogo Cultural de Galicia e no Catálogo de Planeamento Urbanístico.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

**16.-PROPOSICIÓN DO GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO SOBRE PROCEDER DE MANEIRA INMEDIATA A VACUNAR A TODOS OS MARIÑEIROS E PROFESIONAIS DA FLOTA GALEGA.**

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 25 de maio de 2021 sobre proposición do **GM** do **PBBI** segundo o escrito do concelleiro **D Vicente Mariño de Bricio** de data 4 de maio de 2021 (rex entr. 13-04-2021, nº 7005), do seguinte tenor literal:

"*Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidad de concejal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI), presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Regulamento Orgánico Municipal, la siguiente moción.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*El grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI) ha tenido conocimiento de que el pasado fin de semana se ha detectado un importante brote de Covid-19 que ha afectado a la mayor parte de los tripulantes de un barco del cerco con puerto base en Aguiño.*

*Los tripulantes de los barcos de la flota ribeirense, en particular, y la gallega, en general, tienen la dificultad añadida respecto a otros sectores profesionales como la imposibilidad de mantener las distancias de seguridad a bordo y, además, participan en la realización de mareas de varias semanas de duración sin poder recibir atención sanitaria y las prolongadas estancias en alta mar limitan su disponibilidad para acudir al suministro de la vacuna.*

*Los tripulantes de ese mismo cerquero están demandando que el Gobierno de España proceda a la vacunación de todos y cada uno de los profesionales que están enrolados en un barco o que lo van a hacer para que puedan estar inmunizados y evitar situaciones como la que se acaba de producir con el referido brote, y que les es indiferente quien les vacunes, ya sea el Instituto Social de la Marina (ISM), que es la autoridad competente en materia de sanidad marítima en España, o la Consellería de Sanidade, para lo que es necesario que el Ministerio de Sanidad de las órdenes para que el proceso de vacunación comience de inmediato y que, de ser posible, se haga con la vacuna que sólo precisa de la aplicación de una dosis.*

*En el PBBI entendemos que si desde el comienzo de la pandemia se ha declarado a los profesionales del mar como un sector esencial, saliendo a faenar todos los días para que no faltasen alimentos en nuestras mesas, pese a que carecían de máscarillas de protección y no podían mantener las distancias de seguridad, lo mínimo que se debe hacer por parte de las autoridades sanitarias es ordenar sin más demora que se inicie el proceso de vacunación de las tripulaciones de los barcos.*

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

*En virtud de todo lo expuesto, el grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI) insta al pleno de la corporación municipal de Ribeira a la adopción de los siguientes.*

*ACUERDO:*

*1 – Que por parte del Ayuntamiento de Ribeira se inste a la Administración competente a proceder de manera inmediata la vacunación de todos los marineros y profesionales de la flota gallega para que queden inmunizados y se eviten riesgos como los que llevaron al contagio de los tripulantes de un pesquero del cerco con puerto base en Aguiño.*

*Vicente Mariño de Bricio. Ribeira, a 4 de mayo de 2021."*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*PUNTO ÚNICO. Que se continue co proceso de vacinación da frota pesqueira coas prioridades xa determinadas pola Consellería de Sanidade para permitir a máxima celeridade de tal proceso e chegar canto antes á frota de baixura.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PBBI,** así como da **emenda de substitución do GM do PP,** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda do GM do PP, en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 8 PP**

**-VOTOS EN CONTRA: 12 (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **non aprobala a emenda de susbstitución do PP**, someténdose a continuación a proposición do **GM** do **PBBI,** según ditame transcrito da

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55

DOCUMENTO: 20210693337
Fecha: 01/06/2021
Hora: 14:59

Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 25 de maio de 2021, co seguinte resultado:

| |
|---|
| **-VOTOS A FAVOR: 12** **(7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)** |
| **-VOTOS EN CONTRA: 0** |
| **-ABSTENCIÓNS: 8 PP** |

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **PBBI,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 25 de maio de 2021 sobre **PROCEDER DE MANEIRA INMEDIATA A VACUNAR A TODOS OS MARIÑEIROS E PROFESIONAIS DA FLOTA GALEGA.**, en consecuencia aproba:

***ÚNICO:-*** *Que por parte del Ayuntamiento de Ribeira se inste a la Administración competente a proceder de manera inmediata la vacunación de todos los marineros y profesionales de la flota gallega para que queden inmunizados y se eviten riesgos como los que llevaron al contagio de los tripulantes de un pesquero del cerco con puerto base en Aguiño.*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día 31 de maio de 2021, en cumprimento do 'principio de unidade de acto" previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

| O alcalde-presidente | O secretario xeral |
|---|---|
| Manuel Ruiz Rivas | Juan Manuel Salguero del Valle |

CSV: 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A945900X3L9O9M2J0T9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/06/2021<br>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/06/2021<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/06/2021 14:59:55 | DOCUMENTO: 20210693337<br>Fecha: 01/06/2021<br>Hora: 14:59 |
|---|---|---|